

CEIP GALÁN
EDUCACIÓN INFANTIL

AUGA





ESTIMADAS FAMILIAS:

A PROPOSTA DE ACTIVIDADES, PARA ESTA SEMANA, TEN COMO CENTRO DE INTERESE A AUGA. ESPERAMOS VOS SEXA ÚTIL NESTES MOMENTOS TAN DIFÍCILES.

MOITO ÁNIMO E FORZA!

ATENTAMENTE O EQUIPO DE EDUCACIÓN INFANTIL.

É UNHA PROPOSTA ABERTA E FLEXIBLE, CON DIFERENTES NIVEIS DE DIFICULTADE,

PARA ADAPTARNOS Á INDIVIDUALIDADE DE CADA NENO OU NENA.

MOTIVACIÓN INICIAL

<https://www.youtube.com/watch?v=nrEyNc8TyMs>



INDAGAMOS UN
POUCO

<https://www.youtube.com/watch?v=PX9Eqd6MzeM>

<https://youtu.be/3QVj99UGk3Q>





UNAS GOTITAS MUY CURIOSAS
QUERÍAN LA TIERRA CONOCER,
PIDIERON AYUDA AL VIENTO
PARA QUE LAS HICIERA DESCENDER.

EL VIENTO LES DICE AMISTOSO:

- MUY JUNTAS OS DEBEÍS PONER,
PARA QUE FORMEIS GOTAS DE LLUVIA.
Y A LA TIERRA PODAIS CAER.

REPETIDE A POESÍA.

PODEDES ESCRIBIR
ALGUNHA PALABRIÑA NAS
FICHAS.



NUBES E CHOIVA

MATERIAIS:

- 1 RECIPIENTE CON AUGA
- ESPUMA DE AFEITAR
- COLORANTE ALIMENTICIO

NUN RECIPIENTE CON AUGA ENGADIMOS A ESPUMA DE AFEITAR,
SERÁN AS NOSAS NUBES.

ENGADIMOS GOTIÑAS DE COLORANTE ALIMENTICIO POR ENRIBA E
OBSERVAMOS COMO PRECIPITAN.



**POSTERIORMENTE,
PODEDES
EXPERIMENTAR CON
MÁIS CORES.**


COLGADOR DE NUBE

MATERIAIS:

- DEBUXO DE NUBE (FICHAS PARA IMPRIMIR)
- DEBUXO DE GOTAS DE AUGA (FICHAS PARA IMPRIMIR) OU CAIXA DE OVOS
- CORDÓN OU FIO
- ALGODÓN
- PEGAMENTO

PEGAMOS O ALGODÓN NO DEBUXO DA NUBE E RECORTÁMOLA.

COLOREAMOS AS GOTAS DE AUGA OU A CAIXA DE OVOS, RECORTÁMOLAS E PEGÁMOLAS NO FIO OU CORDÓN. FINALMENTE PEGAMOS OS FIOS Á NUBE.




EXPERIMENTAMOS COAS CORES!

MATERIAIS:

- BOTES OU VASOS TRANSPARENTES
- AUGA
- COLORANTE ALIMENTICIO: VERMELLO, AZUL E AMARELO

PREPARAMOS 3 BOTES OU VASOS DE AUGA CON COLORANTE ALIMENTÍCIO VERMELLO, AZUL E AMARELO.



HIPOTETIZAMOS QUE VAI SUCCEDER AO MIXTURAR AS CORES, MIXTURÁMOLAS E FINALMENTE OBSERVAMOS COMO CAMBIAN.

PODEDES COMPLETAR OS RESULTADOS NAS FICHAS.

EXPERIMENTAMOS COAS MESTURAS

MATERIAIS:

- BOTES OU VASOS TRANSPARENTES
- AUGA
- ALIMENTOS: AZUCRE, CACAO, ACEITE, SAL E ARROZ.

PREPARAMOS CINCO BOTES OU VASOS CON AUGA, HIPOTETIZAMOS SOBRE QUE VAI SUCEDER AO BOTAR OS ALIMENTOS NA AUGA.
ENGADIMOS OS ALIMENTOS UN A UN E OBSERVAMOS COMO SE COMPORTAN.


PODEDES ANOTAR OS ALIMENTOS QUE SE DISOLVEN, E OS QUE NON, NA FICHA.



PAU DE CHOIVA

MATERIAIS:

- 1 TUBO DE CARTÓN
- ESCARVADENTES REDONDOS
- GRANS DE ARROZ
- GOMA EVA
- CARTOLINA OU TAPÓN DE BOTELLA
- PEGAMENTO



INTRODUCIMOS OS ESCARVADENTES, NO TUBO A MODO DE ESPIRAL.
CORTAMOS A PARTE QUE SOBRESAE DOS ESCARVADENTES E COLOCAMOS UNHAS GOTIÑAS
DE PEGAMENTO, PARA SUXEITALOS.

TAPAMOS UN LADO DO TUBO, CON CARTOLINA OU CUN TAPÓN DE BOTELLA, SE
TEMOS ALGÚN QUE NOS COINCIDA COA MEDIDA.
INTRODUCIMOS OS GRANS DE ARROZ E PECHAMOS O OUTRO LADO DO TUBO.
FORRAMOS O TUBO CON GOMA EVA E DECORAMOS.




PESCAMOS OBXECTOS!

DESENVOLVEMOS A MOTRICIDADE FINA E A COORDINACIÓN.

PODEMOS IR AUMENTANDO O GRAO DE DIFICULTADE.

PÓDEDES:

- CONTAR CANTOS TAPÓNS PESCAMOS
- ORDENALOS DE MAIOR A MENOR
- CLASIFICALOS POR CORES
- FACER SUMAS MANIPULATIVAS...



COCIÑAMOS PINTURA!

INGREDIENTES:

- UNHA TAZA DE FARIÑA
- UNHA CULLER DE LÉVEDO
- UNHA CULLER DE SAL
- COLORANTE ALIMENTICIO
- AUGA

MIXTURAMOS A TAZA DE FARIÑA, O LÉVEDO E O SAL, ENGADIMOS CULLERES DE AUGA ATA OBTER UNHA TEXTURA ESPUMOSA, FINALMENTE ENGADIMOS O COLORANTE ALIMENTICIO.

TEMOS A PINTURA LISTA PARA DEBUXAR, UNHA VEZ FEITO O DEBUXO, METÉMOLO NO MICROONDAS 30 OU 40 SEGUNDOS, A POTENCIA MEDIA, ATA QUE SE ENDUREZA.



PODEDES ESCRIBIR OS
INGREDIENTES DA RECEITA.
(VER FICHA)

